



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Descrición decreto: EXPEDIENTE DE Decreto Aprobación Bases da Convocatoria
Subvenciones por concurrencia competitiva a entidades deportivas 2024-25

EXPEDIENTE Nº 2025/G003/000560

DON JOSÉ SIMOES COUCEIRO ALCALDE EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Visto o expediente 2025/A002/000001, referente a convocatoria de subvencions por concurrencia competitiva para entidades deportivas do Concello de Pontedeume

Vista a proposta de servizo pola que se considera conveniente efectuar a convocatoria de subvencións por concurrencia competitiva para as entidades deportivas do Concello de Pontedeume, na que figura unha partida orzamentaria de 60.000 €

Visto o disposto na Ordenanza para a concesión de subvencións en materia de deportes, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 27 de marzo de 2008, con publicación de aprobación definitiva no Boletín Nº 142 do Sábado, 21 de junio de 2008

Vista a proposta de bases para dita convocatoria

Visto informe de intervención do 28/08/2025, favorable coas observacións indicadas

Vista a retención de crédito con nº de operación (RC-220250007521)

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. - Aprobar a Bases para a Convocatoria de subvencions por concurrencia competitiva para entidades deportivas do Concello de Pontedeume (2024-2025)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O réxime xurídico das subvencións para outorgar polo Concello de Pontedeume rexerase pola normativa básica estatal recollida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; así como polo seu Regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006 de 21 de xullo; así como pola normativa autonómica, en concreto pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 17 da Lei 38/2003 esixe que a aprobación das bases reguladoras das subvencións das entidades locais se faga no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións. A dita ordenanza foi aprobada por Acordo plenario de data 27/03/2008 e publicada no BOP da Coruña núm. 142 de data 21/06/2008.

A normativa indicada establece como principios de xestión das subvencións a publicidade, transparencia, concurrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, os cales deben ser respectados nas presentes bases.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Polo que respecta a esta modalidade concreta de subvencións, o artigo 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece que as Corporacións locais favorecerán o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza, facilitánlles a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades, e impulsan a súa participación na xestión da Corporación.

Doutra parte, o artigo 232 do Real decreto 2.568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dispón que, na medida en que o permitan os recursos orzamentarios, o Concello poderá subvencionar economicamente as asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza, tanto polo que se refire aos seus gastos xerais como ás actividades que realicen, que complementen ou suplan as competencias do Concello de Pontedeume.

No mesmo senso, a lexislación sectorial (Lei 3/2012 do deporte de Galicia) establece no seu art. 8 como competencias nos municipios “ *Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar; promover e, de ser o caso, executar, no ámbito da súa competencia, os programas xerais do deporte, mediante a coordinación coa Administración autonómica, así como coa colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas; e calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local ou que lles poida ser atribuída legal ou regulamentariamente e que contribúa aos fins ou obxectivos desta lei*”.

O Concello de Pontedeume, no marco das súas competencias, ten, entre as súas prioridades, a concesión de axudas económicas destinadas á promoción do deporte, co obxectivo de contribuír a que as entidades privadas sen ánimo de lucro dispoñan de medios para o cumprimento dos obxectivos que lles son propios e ao mesmo tempo para que actúen como motores e garantes da participación cidadá efectiva nos seus distintos ámbitos de actuación.

Base 1.- Obxecto da subvención

As presentes normas teñen por obxecto regular a liña de axudas a clubs e entidades deportivas, con domicilio fiscal e/ou social no termo municipal de Pontedeume, para o fomento e promoción, en xeral, da Educación Física e do Deporte.

As axudas reguladas nestas normas especiais teñen a natureza xurídica de subvención e outórganse en réxime de concorrencia competitiva, ao amparo do disposto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Base 2.- Réxime xurídico

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local.
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume (BOP da Coruña núm. 142 de data 21/06/2008)
- Bases de execución do Orzamento Xeral do Concello de Ponte deume
- Cantas outras normas legais ou regulamentarias conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de producir efectos no citado ámbito.

Base 3.- Ámbito de aplicación

As subvencións e axudas ás que lles será de aplicación estas normas especiais reguladoras son as seguintes:

- Actividades levadas a cabo por clubs e entidades deportivas mediante a participación en competicións deportivas federadas.
- Actividades levadas a cabo por clubs e entidades de base de iniciación deportiva e fomento da práctica deportiva non federada.

Base 4.- Beneficiarios. Requisitos e obrigas.

Poderán ser beneficiarias das subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para fomento e promoción do deporte aquelas entidades (clubs, entidades deportivas, agrupacións deportivas) que cumpran os seguintes requisitos (excepcionando a necesidade de estar inscritas no rexistro municipal de asociacións en aplicación do artigo 11 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello en atención ao interese social e á falta de actualización do rexistro municipal de asociacións):

1. Que cumpran os requisitos recollidos no artigo 5 da Ordenanza xeral de subvencións.
2. Non contravir o regulado no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.
3. Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
4. Estar ao corrente das súas obrigas coa Administración Tributaria (de carácter estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Socia, tanto á data de concesión como previa ao pagamento.
5. Para a actividade non federada obxecto da presente subvención, as entidades ou clubs deportivos deberán ter concertado e en vigor, ao corrente no pago das primas correspondentes, un seguro que cubra tanto a responsabilidade civil como a cobertura sanitaria nos termos que prevén, respectivamente, os artigos 23 e 22 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.
6. No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

de seres humanos. (De acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor). No caso de que ningunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá acreditálo de forma expresa mediante unha declaración responsable.

7. Estar ao corrente de pago das obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.

As obrigas das entidades beneficiarias das subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para Fomento e promoción do deporte (clubs, entidades deportivas, agrupacións deportivas) serán as seguintes:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
2. Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, de ser o caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.
3. Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano concedente ou entidade colaboradora, de ser o caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
4. Comunicarlle ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
5. Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, sen prexuízo de que a persoa interesada autorizase expresamente ao Concello a realizar as consultas dos datos que xa se atopen en poder doutras administracións ou do propio Concello e que acrediten esta circunstancia.
6. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario/a en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos nestas bases reguladoras, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto de actuación de comprobación e control
8. Facer constar expresamente na publicidade, difusión e publicacións, que o programa, actividades, investimentos ou actuacións obxecto de subvención contan coa colaboración económica do Concello de Ponte deume. Para isto utilizarán o logotipo aprobado polo Concello de Ponte deume e, así mesmo, na respectiva convocatoria,





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

acordo de concesión ou convenio, farase constar a forma e instrumentos a través do que se dará publicidade e difusión á colaboración económica do Concello

9. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Base 5.- Financiamento

O Concello de Pontedeume, con cargo ao Orzamento Municipal, concederá subvencións por importe total de 60.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 341-48001.

A adxudicación das subvencións obxecto desta convocatoria supeditarase a que polos servizos da Intervención Xeral deste Concello se expida a correspondente certificación de existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento vixente en cada momento.

Artigo 6.- Gastos subvencionables

1. Consideraranse gastos subvencionables aqueles gastos que estean directamente relacionados coa actividade desenvolta polas entidades deportivas e que respondan de maneira indubitada á natureza das actividades subvencionadas, entendéndose por tales os seguintes:

Gastos de publicidade e difusión	Imprenta, serigrafía.
Gastos de transporte e aloxamento	Gastos de transporte e desprazamentos, aloxamento e manutención de equipos ou deportistas. Terán que estar directamente vinculados coa realización das actividades subvencionadas. Deberá acreditarse este vencellamento na memoria da actividade, no trámite da xustificación ou a través dos calendarios das competicións oficiais
Gastos de persoal e asistencias técnicas 60% (Non poderán superar o 60% do total da xustificación nin o 60% do custo total de persoal)	Monitorizaxe
Gastos de materiais consumibles específicos das actividades	Sempre que se trate de bens non inventariables.
Gastos relacionados coa competición e a práctica deportiva.	Licenzas, arbitaxes, inscricións en competicións, seguros etc..
Gastos de xestión e gastos de subministracións (Non poderán superar o 20% do total da xustificación)	Materiais de administración, fotocopias, papel bolígrafos material informática, etc. Luz, auga, telefono, fax e correo Sempre e cando estean adscritos directamente á realización da actividade subvencionada e especificados motivadamente no orzamento.
Cortesías de colaboración (Non poderán superar o 10% do total da	Relacionadas co programa, como agasallos, placas conmemorativas e cortesías gastronómicas





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

xustificación)	
----------------	--

2. Consideraranse gasto subvencionable aquel gasto devengado e efectivamente pagado dentro na tempada de concesión da subvención, entendido a tempada como o período comprendido entre os días **01 de xullo de 2024 e 31 de outubro de 2025**, ambos os dous incluídos.

3. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado

4. Os tributos e taxas consideraranse gastos subvencionables cando sexan aboados polo/pola beneficiario/a efectivamente, non incluíndose polo tanto cando os mesmos sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

Base 7.- Compatibilidade das subvencións.

As subvencións que se outorguen serán compatibles con outras axudas doutras administracións, institucións e entidades públicas ou privadas.

No caso de que se concedan subvencións polos anteriores deberá comunicarse, no momento da solicitude, ao Concello de Ponte deume. Tanto no momento da solicitude como no momento da xustificación da presente axuda achegarase declaración responsable de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos das subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto (Anexos 2 e 8)

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada.

O outorgamento das subvencións en ningún momento será invocable como precedente respecto a exercicios futuros. Non será esixible o aumento ou revisión da subvención.

Base 8.- Contías máximas e límites das subvencións

O importe da subvención en ningún caso poderá superar o **80% do orzamento da/s actividade/s subvencionada/s**, e en calquera caso non poderá ser superior a **27.000,00 €**.

Base 9.- Forma e prazo nos que deben presentarse as solicitudes

9.1.- Forma de presentación.

A solicitude de subvencións presentase nos modelos normalizados que figuran como anexos a estas bases.

A solicitude presentase por vía telemática, ao estar obrigadas as posibles entidades beneficiarias a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas, consonte ao disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, a través da sede electrónica do Concello.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Para a presentación de solicitude por medios electrónicos é necesario dispoñer dos certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica.

A presentación da solicitude fóra do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio serán causa de inadmisión da solicitude.

9.2.- Prazo de presentación.

O prazo de presentación das solicitudes será de **10 días** contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións

9.3.- Documentación.

- a) Acreditación da personalidade do beneficiario (CIF da entidade).
- b) Acreditación da personalidade do seu representante (DNI da persoa que vai subscribir este convenio).
- c) Anexo 1: solicitude de participación na convocatoria de subvencións a clubs e entidades deportivas para fomento e promoción do deporte 2024-2025
- d) Anexo 2: declaración responsable sobre cumprimento da normativa no desenvolvemento de actividades que impliquen contacto con menores
- e) Anexo 3: Acreditación de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma), e en concreto, co Concello de Ponte deume, e coa Seguridade Social, e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro de subvención. E autorización ao Concello para a súa comprobación.
- f) Anexo 4: Declaración xurada de se foron solicitada e/ou concedidas ou non outras subvencións para a mesma finalidade, procedentes das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos dependentes, entes ou sociedades, ou doutros organismos privados.
- g) Anexo 5: Memoria explicativa das actividades que se pretenden levar a cabo coa subvención, incluíndo un orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos ou recibidos para o seu financiamento. Calendario de fechas de realización.
- h) Certificación dos datos bancarios da entidade.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma de convocatoria, a Concellería de Deportes requirirá ao interesado para que subsane no prazo máximo e improrrogable de **10 días** coa indicación de que se así non o fixera se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

9.4.-A documentación que se presente deberá estar asinada dixitalmente na súa totalidade.

9.5.- A documentación da solicitude deberá vir asinada polo representante da entidade (ou persoa en quen delegue, en cuxo caso deberá acreditarse a dita delegación)

Base 10.- Tramitación, valoración e resolución das solicitudes

1.- Cualificación das solicitudes:



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F – N° REEL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A unidade administrativa que ten atribuída as funcións en materia de Deportes será o órgano instrutor do procedemento; revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñen toda a documentación esixida. Se estivese incompleta ou defectuosa, requirirase o/a solicitante para que no prazo de **10 días hábiles** achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude, consonte ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2.- Valoración das solicitudes:

A valoración das solicitudes corresponderalle a un órgano colexiado, denominado Comisión de Valoración, o cal será o encargado de formular a proposta de concesión ao órgano concedente a través do órgano instrutor.

A Comisión de Valoración, que se constituirá para o efecto, estará integrada por:

- Presidente/a: o/a concelleiro/a delegado/a responsable da Concellería de Deportes
- Interventor/a ou persoa en quen delegue.
- Un/Unha animador/a da Concellería de Deportes
- Secretario/a ou persoa en quen delegue que actuará como secretario/a da comisión avaliadora, con voz e sen voto.

A Comisión de Valoración, tras a avaliación das solicitudes presentadas de acordo cos criterios de valoración fixados nestas bases, emitirá un informe no que se concretará o resultado da mesma.

3.- Proposta de resolución.

- i. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, efectuará a proposta de resolución, que terá carácter de definitiva nos termos do art. 15, parágrafo segundo da Ordenanza xeral de subvencións na que se expresará o/a solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía.

4.- Resolución.

A concesión das subvencións será aprobada por resolución de Alcaldía, tras a formulación da proposta de concesión realizada polo Negociado de Deportes encargado da instrución á vista do informe da comisión avaliadora.

As subvencións concedidas notificaranse aos/as interesados/as de conformidade co disposto no art. 40 da Lei 39/2015 e publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Ponte deume (na súa versión dixital e física) así como na BDNS.

O prazo máximo no que debe notificarse ás entidades interesadas a resolución expresa será de 3 meses contados a partir do día seguinte á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Transcorrido este prazo, a falta de resolución e notificación producirá efectos desestimatorios.

A resolución de concesión poñerá fin á vía administrativa, para os efectos da interposición dos recursos administrativos que procedan realizarse de conformidade co disposto na Lei





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Base 11.- Criterios de valoración

A contía das subvencións determinarase despois da consideración das actividades que se van realizar ponderando segundo os seguintes criterios, que serán acreditados mediante a presentación dos correspondentes anexos contidos na convocatoria.

A.- Aspectos económicos: Ata 30 puntos

Valorarase o orzamento de gastos e ingresos para o período comprendido entre o 1/07/2024 e o 31/10/2025

Valoración	Puntuación
25.001 € ou máis	30 puntos
Entre 20.001 e 25.000 €	25 puntos
Entre 15.001 e 20.000 €	20 puntos
Entre 10.001 e 15.000 €	15 puntos
Entre 5.001 e 10.000 €	10 punto
5.000 € ou menos	5 puntos

B.- Aspectos deportivos: Ata 60 puntos

a) Número de licenzas federativas. Ata 30 puntos

Valoración	Puntuación
125 ou mais	30 puntos
Entre 100 e 124	25 puntos
Entre 75 e 99	20 puntos
Entre 50 e 74	15 puntos
Entre 25 e 49	10 puntos
24 ou menos	5 puntos

b) Categoría na que compite. Ata 10 puntos

Valoración	Puntuación
Internacional	10 puntos
Nacional	8 puntos
Autonómica	6 puntos
Provincial	4 puntos
Comarcal	2 puntos





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Non participa en competicións federadas	0 puntos
---	----------

c) Deporte feminino. Valorarase o número de licenzas femininas. Ata 10 puntos

Valoración	Puntuación
61 licenzas ou máis	10 puntos
Entre 45 e 60 licenzas	8 puntos
Entre 30 e 44 licenzas	6 puntos
Entre 15 e 29 licenzas	4 puntos
Menos de 15 licenzas	2 puntos
0 licenzas	0 puntos

d) Número de equipos en competición. Ata 10 puntos

Valoración	Puntuación
9 ou máis equipos	10 puntos
7 ou 8 equipos	8 puntos
5 ou 6 equipos	6 puntos
3 ou 4 equipos	4 puntos
1 ou 2 equipos	2 puntos
0 equipos	0 puntos

C.- Realización de eventos deportivos (entre o 1/08/2024 e ata o 31/10/2025) : Ata 15 puntos

Valoración	Puntuación
Eventos de máis de 5.001 €	15 puntos
Eventos de entre 2.501 e 5.000 €	10 puntos
Eventos de menos de 2.500 €	5 puntos

Deberá xustificarse coa presentación dunha Memoria do evento (coas datas de realización, orzamento, etc) e do seu custo (xuntando as facturas correspondentes)

D.- Aspectos sociais e de interese para o concello: Ata 15 puntos

Estes criterios de valoración suman un importe total de 15 puntos. A selección das peticións e a contía das subvencións determinaranse unha vez consideradas as actividades que se van realizar, ponderando as seguintes circunstancias:

1) **Repercusión e grao de interese das actividades a desenvolver pola entidade: ata 5 puntos.** Cuestións que se poden valorar dentro deste criterio: Impacto previsto, innovación, duración do programa, consolidación das actividades desenvolvidas (actividade desenvolvida anteriormente), colaboración DIRECTA e ACTIVA coas actividades organizadas polo Concello





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

de Ponte deume así como con outras entidades e relación entre o interese das actividades e o orzamento presentado.

2) **Adecuación das actividades que se van desenvolver ao interese municipal: ata 5 puntos.** Cuestións que se poden valorar dentro deste criterio: Coincidencia coas liñas estratéxicas, obxectivos e criterios da Área de Deportes, esforzo financeiro (procura doutras fontes de financiamento), eficiencia na asignación de recursos, número de participantes e ámbito xeográfico.

3) **Fomento por parte da entidade solicitante do deporte base da modalidade para a que se solicita subvención: ata 5 puntos,** no que se pode valorar dentro deste criterio os colectivos aos que van dirixidas as actividades desenvolvidas incluíndo o maior número posible de grupos de idade.

E.- Mantemento de instalacións: Ata 60 puntos

Valoraranse os gastos derivados do mantemento dunha instalación ao seu cargo.

Valoración	Puntuación
Máis de 5.001 €	60 puntos
Entre 4,001 e 5,000 €	50 puntos
Entre 3,001 e 4,000 €	40 puntos
Entre 2.001 e 3,000 €	30 puntos
Entre 1.001 e 2.000 €	20 puntos
Menos de 1.000 €	10 puntos

Base 12.- Cálculo do importe da subvención

Unha vez valoradas todas as solicitudes, a puntuación total obtida servirá para calcular o importe a subvencionar mediante un sistema proporcional de reparto, calculado coa seguinte fórmula:

$$\frac{\text{Puntuación obtida} \times \text{Cantidade global de subvención}}{\text{Puntuacións totais}}$$

Onde:

- A **Puntuación obtida** é a suma total das puntuacións alcanzadas en cada criterio de valoración.
- A **Cantidade global de subvención** é o importe total a repartir entre todas as solicitudes (crédito asignado na respectiva convocatoria).
- As **Puntuacións totais** é a suma das puntuacións de todos/as os/as solicitantes.

Se a contía da subvención resultante da aplicación da fórmula enunciada superase o solicitado ou os límites marcados nesta ordenanza (24.500 euros ou o 80% do orzamento da actividade subvencionada), o máximo a conceder será o dito importe.

Base 13.- Xustificación

1.- Consideracións xerais:



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F – N° REEL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Para determinar o cumprimento da finalidade básica da subvención será imprescindible que se dean, de forma conxunta, os seguintes requisitos:

- En relación ao proxecto deportivo.
- Desenvolvemento das actividades deportivas obxecto da subvención durante o período temporal obxecto da mesma (dende o 1 de xullo de 2024 ata o 31 de outubro de 2025) En relación ao gasto:

	IMPORTE A XUSTIFICAR		DESVIACIÓNS DO COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO (C.F)
ABOARASE O 100% DO IMPORTE ADXUDICADO	Xustificación correcta do 100% do importe adxudicado	e	Desviacións ata un + 10% do C.F. entre o estado de gastos presentado na xustificación e a previsión de gastos presentada na solicitude
ABOARASE A PARTE PROPORCIONAL DO IMPORTE ADXUDICADO	Xustificación correcta dun gasto inferior ao 100% e polo menos o 50% do gasto adxudicado	ou	Desviacións maiores do + 10% e ata o + 50% do C.F. entre o estado de gastos presentado na xustificación e a previsión de gastos presentada na solicitude
NON SE ABOARÁ CANTIDADE NINGUNHA	Xustificación dun gasto menor o 50% do gasto adxudicado	ou	Desviacións superiores o + 50% do C.F. entre o estado de gastos presentado na xustificación e a previsión de gastos presentada na solicitude

- O importe a xustificar será o 100% do gasto subvencionado.
- Poderase xustificar ata un máximo do 40% con gastos correspondentes ao período subvencionado correspondente ao 2024.
- Poderase xustificar o 100% con gastos correspondentes ao período subvencionado do 2025
- O importe das subvencións concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou investimento desenvolvido pola entidade beneficiaria.
- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2.- Prazo de xustificación:

O prazo de xustificación rematará o **1 de novembro de 2025**.

De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

Producirase o reintegro ou a perda do dereito ao cobro, total ou parcial, da subvención no suposto de:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- 1 . Falta de xustificación ou xustificación insuficiente.
- 2 . Falta de achega da documentación requirida.
- 3 . Demais causas establecidas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

En todo caso, os documentos de gasto e/ou de pago que se presenten neste prazo excepcional deberán estar emitidos dentro do período máximo de realización do gasto establecido no artigo 6.2 das presentes bases.

A tramitación do expediente de pago da subvención suspenderase durante a tramitación do expediente sancionador.

3.- Documentación xustificativa

3.1.- A entidade subvencionada para acreditar a execución do programa deberá presentar, a través da sede electrónica do Concello e no prazo establecido, a **"conta xustificativa"** que constará da seguinte documentación:

- *Anexo 6: Memoria da actividade realizada durante o período obxecto da subvención, debendo conter actividades ou programas realizados con expresión do calendario e lugar de execución, resultados obtidos, número de persoas destinatarias.*
 - *Para a xustificación dos gastos por desprazamentos deberá acompañarse dos calendarios de competicións correspondentes.*
 - *Para a xustificacións de gastos referidos a equipacións, cartelerías, gastos de representación, debera acreditarse graficamente o cumprimento das obrigas en materia de publicidade.*
- *Facturas orixinais (electrónicas) ou copia da factura asinada dixitalmente para acreditar que é copia da orixinal, polo importe total da subvención concedida, ao abeiro do establecido no artigo 30.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro (Lei Xeral de subvencións e o seu Regulamento).*
- *Xustificantes de pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.*
 - *No caso de pagamento por transferencia bancaria: xustificante bancario*
 - *No caso de pagamento por cheque: extracto bancario e copia da matriz do talón.*
 - *No caso de transferencia electrónica: xustificante impreso.*
- *Previa a oportuna xustificación admitírase o pago en efectivo, sempre que a factura ou documento probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa non supere os 150 € (IVE engadido) e que o gasto total xustificado en efectivo non supere o 20% do importe adxudicado. En todo caso, o importe total do gasto xustificado en efectivo non poderá superar os 1500 €. Na factura ou documento equivalente deberá constar cuño do establecemento ou recibín asinado pola persoa que recibe os fondos con indicación do seu nome e DNI. En todo caso, xustificárase a elección deste medio de pago.*
- *Anexo 7: Certificación acreditativa dos gastos realizados, con identificación das persoas acreedoras (nome da empresa e NIF ou, no seu caso, apelidos completos e sen*





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

abreviatura e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión e data e forma de pago).

- Anexo 8: Declaración responsable de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos das subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos que xere a propia actividade subvencionada, ou, pola contra, declaración de non ter outros ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto. No caso de concorrencia de subvencións públicas que estean xustificadas, deberá achegarse certificación da Administración que lla concedeu na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificados así como o período ao que se refiren os gastos.
- Documentación gráfica acreditativa do cumprimento das obrigas en materia de publicidade do financiamento do Concello de Ponte deume.
- Anexo 9: Estado de gastos e ingresos.

3.2.- A documentación da conta xustificativa deberá vir asinada polo representante da entidade (ou persoa en quen delegue, coa documentación acreditativa da delegación, de ser o caso), agás a certificación acreditativa dos gastos realizados, que deberá vir asinada polo tesooureiro/a da entidade.

3.3 --No caso de achegar xustificantes que non se axusten ao esixido ou presentar a documentación xustificativa incompleta, se lle notificará á persoa ou entidade beneficiaria da subvención, para que poida emendar, os xa presentados, no prazo de **dez días hábiles**. Poderase, excepcionalmente e previa xustificación, presentar novos documentos dentro do prazo concedido a tal fin, sen que isto signifique a posibilidade de realizar e ou presentar documentos de gasto e/ou de pago con data posterior á data máxima de realización do gasto establecida na Base 6.2 (ata o 31 de outubro de 2025).

Transcorrido o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento ditándose a resolución que lle deberá ser notificada á entidade beneficiaria.

Base 14.- Pagamento

Previamente ao pagamento se comprobará que a entidade beneficiaria está ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social conforme ao sinalado no artigo 9.3 e no Anexo 3.

Unha vez comprobada e aprobada a conta xustificativa, aboarase o pagamento da contía correctamente xustificada.

No momento de presentar a solicitude poderase presentar a conta xustificativa correspondente aos meses de 2024, correspondendo como máximo ao 40% do importe total concedido a cada entidade, para dita convocatoria. Deberá estarse á constitución das garantías reguladas na normativa para a realización de pagos anticipados ou pagos a conta (artigo 62 de regulamento da Lei de subvencións de Galicia)

Base 15.- Reintegro das subvencións.

Serán causas de reintegro e de perda do dereito ao cobro as previstas nos artigos 24 e 25 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello así como as previstas na LXS e no seu regulamento





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O procedemento de reintegro rexerase polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no seu Regulamento de desenvolvemento, sendo o órgano competente para esixir o reintegro o concedente da subvención.



ANEXO 1

SC_1	SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS PARA FOMENTO E PROMOCIÓN DO DEPORTE 1/07/2024-31/10/2025. ORZAMENTO 2025
DATOS DA ENTIDADE	
ENTIDADE:	
CIF:	



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TLF:	
Para os efectos de notificación:	
☐ Notificación telemática no seguinte E-mail:	

DATOS DOS REPRESENTANTES			
PRESIDENTE/A*:		NIF	
SECRETARIO/A*:		NIF	
TESOUREIRO/A*:		NIF	

PERSONA DE CONTACTO PARA TRÁMITES ADMINISTRATIVOS*			
Nome e apelidos		NIF	
Tlf:		Mail	

D/ Dona		Con NIF	
como presidente/a e/ou representante e en nome da entidade SOLICITO:			
☐ Que sexa admitida a trámite a solicitude para participar no procedemento por concorrência competitiva de subvencións a clubs e entidades deportivas para fomento e promoción do deporte 1/07/2024-31/10/2025. Orzamento 2025			

SUBVENCIÓN SOLICITADA		
Orzamento	Importe da subvención solicitada	Coeficiente de financiamento

E DECLARO:
1º.- Que o número de socios/as activos/as, a 01/07/24 desta entidade é de _____.
2º.- Que a entidade comprométese a facer constar a colaboración do Concello de Ponte deume en toda a publicidade e difusión das actividades subvencionadas, así como no material empregado nas mesmas (camisetas, trofeos, bolsas ...) adquirido coa subvención, inserindo en todo o material publicitario o logo institucional do Concello.
3º.- Que a entidade comprométese a obter as licenzas e as autorizacións preceptivas para o desenvolvemento das actividades.
4º.- Que a entidade que represento non está incurso a entidade beneficiaria nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren subvencións da Administración pública, dispostas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro.
5º.- Que a entidade que represento cumpre todo o regulado no artigo 14 da Lei 38/2003 relativo ás obrigas da entidade beneficiaria.

En Ponte deume		de		de	
----------------	--	----	--	----	--

Asdo.: O/A presidente/a da entidade





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Pontedeume



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ANEXO 2

DR_M	DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CUMPRIMENTO DA NORMATIVA NO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES QUE IMPLIQUEN CONTACTO CON MENORES		
(De conformidade co previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas)			
D/ Dona		con NIF	
como presidente/e da entidade		con CIF	
DECLARO (marcar cun X o que proceda segundo o caso)			
☐ Que ningunha das actividades obxecto desta solicitude implica o contacto habitual con menores.			
☐ Que o persoal que presta servizos no desenvolvemento das actividades obxecto da solicitude que implican contacto con menores cumpre os requisitos previstos no artigo 13.5 da Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, ¹			

En Ponte deume		de		de	
----------------	--	----	--	----	--

Asdo: O/A presidenta/e da entidade

1 Artigo 13.5 da Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia: "Será requisito para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, o non haber sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúa a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. Para tal efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais".



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



ANEXO 3

DR_D	DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS
(De conformidade co previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas)	

D/ Dona		con NIF	
como presidente/a da entidade		con CIF	
En relación ao expediente:			
DECLARO (marcar cun X o que proceda segundo o caso)			
Que a entidade que represento está ao corrente das súas obrigas tributarias coa: ☐ Facenda Estatal. ☐ Facenda Autonómica ☐ Facenda Local ☐ Tesourería Xeral da Seguridade Social. ☐ Non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro de subvención ☐ Autorización para que o Concello faga as comprobacións pertinentes			

En Ponte deume		de		de	
----------------	--	----	--	----	--

Asdo.: O/A presidente/a da entidade

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



ANEXO 4

DR_ AX	OUTROS INGRESOS		
(De conformidade co previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas)			
D/ Dona		Con CIF:	
Como presidente/a da entidade:		Con CIF:	
DECLARO QUE PARA ACTIVIDADE OBXECTO DESTA SUBVENCIÓN OBTIVEN OS SEGUINTE INGRESOS:			
1º.- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS PROCEDENTES DE CALQUERA ENTIDADE PÚBLICA OU PRIVADA PARA O MESMO OBXECTO.			
ENTIDADE	DESCRICIÓN DO TIPO DE SUBVENCIÓN OU AXUDA	C/S*	IMPORTE
* C/S indícase se foi concedida (C) ou solicitada(S)			
	NON foron solicitadas nin concedidas outras subvencións ou axudas para o mesmo obxecto.		
2º.- DECLARACIÓN DOUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO (INGRESOS) DO PROXECTO OBXECTO DE SUBVENCIÓN.			
ACHEGAS DO CLUB SOLICITANTE			IMPORTE
OUTROS RECURSOS EXTERNOS (venta de rifas, cotas, inscrición...)			IMPORTE

En Ponte deume	de		de	
-------------------	----	--	----	--



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Asdo.: O/A presidente/a da entidade	Asdo.: O/A tesoureiro/a



ANEXO 5

DR_ AX	MEMORIA EXPLICATIVA		
(De conformidade co previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas)			
D/ Doña		Con CIF:	
Como presidente/a da entidade:		Con CIF:	
MEMORIA (Breve descripción)			

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1º.- ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS OCASIONADOS POLAS ACTIVIDADES PARA AS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

GASTOS	
TOTAL	
INGRESOS	
TOTAL	

2º.- NUMERO DE LICENCIAS

CATEGORIA	MASCULINO	FEMENINO	TOTAL
VETERAN/A			
SENIOR			
XUVENIL			
CADETE			
INFANTIL			
ALEVIN			
BENXAMIN			
PREBENXAMIN			
OTRAS			
TOTAL			

3º CATEGORÍA NA QUE COMPITE

4º NUMERO DE EQUIPOS EN COMPETICIÓN

5º REALIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS

EVENTO	ORZAMENTO

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TOTAL	
6º MANTENIMIENTO DE INSTALACIONES	
PARTIDA	GASTO
TOTAL	
7º ASPECTOS SOCIAIS DE INTERESE PARA O CONCELLO: (ADXUNTAR)	
REPERCUSION Y GRADO DE INTERES	
ADECUACIÓN DE LAS ACTIVIDADES	
FOMENTO DEL DEPORTE BASE	
8º CALENDARIO DE COMPETICIÓN: (ADXUNTAR)	

En		de		de	
Pontedeume					

Fdo.: O/A presidente/a da entidade

ANEXO 6

MEMORIA DE ACTIVIDADES REALIZADAS				
ACTIVIDADE OU PROGRAMA REALIZADO	CALENDARIO	LUGAR	RESULTADOS OBTIDOS	Nº DE PERSONAS DESTINATARIAS



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

CALENDARIO DE COMPETICIÓNS OFICIAL	ADXUNTAR
ACREDITACIÓN GRÁFICA DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS EN MATERIA DE PUBLICIDADE.	ADXUNTAR

En		de		de	
Pontedeume					

Fdo.: O/A presidente/a da entidade

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



ANEXO 7

CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DOS GASTOS REALIZADOS									
GASTOS PUBLICIDADE E DIFUSIÓN									
Datos do acreedor			Documento xustificativo						
Nº	NOME Nome e apelidos (persoas físicas) Nome da empresa	NIF	Concepto de gasto	Tipo de documen to	Nº Factur a	Impor te Factu ra	Data emisió n factura	Data e forma de pagamento	Importe imputa do
SUBTOTAL									
GASTOS TRANSPORTE E ALOXAMENTO									
Nº	NOME Nome e apelidos (persoas físicas) Nome da empresa	NIF	Concepto de gasto	Tipo de documen to	Nº Factur a	Impor te Factu ra	Data emisió n factura	Data e forma de pagamento	Importe imputa do
SUBTOTAL									
GASTOS DE PERSOAL E ASISTENCIAS TÉCNICAS 60%									
Nº	NOME Nome e apelidos (persoas físicas) Nome da empresa	NIF	Concepto de gasto	Tipo de documen to	Nº Factur a	Impor te Factu ra	Data emisió n factura	Data e forma de pagamento	Importe imputa do

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SUBTOTAL									
GASTOS DE MATERIAIS CONSUMIBLES ESPECÍFICOS DAS ACTIVIDADES									
Nº	NOME Nome e apelidos (persoas físicas) Nome da empresa	NIF	Concepto de gasto	Tipo de documen to	Nº Factur a	Impor te Factu ra	Data emisió n factura	Data e forma de pagamento	Importe imputa do
SUBTOTAL									
GASTOS RELACIONADOS COA COMPETICIÓN E A PRACTICA DEPORTIVA									
Nº	NOME Nome e apelidos (persoas físicas) Nome da empresa	NIF	Concepto de gasto	Tipo de documen to	Nº Factur a	Impor te Factu ra	Data emisió n factura	Data e forma de pagamento	Importe imputa do
SUBTOTAL									
GASTOS DE XESTIÓN E GASTOS DE SUBMINISTRACIÓNS (Non poderán superar o 20% do total da xustificación)									
Nº	NOME Nome e apelidos (persoas físicas) Nome da empresa	NIF	Concepto de gasto	Tipo de documen to	Nº Factur a	Impor te Factu ra	Data emisió n factura	Data e forma de pagamento	Importe imputa do

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SUBTOTAL									
CORTESÍAS DE COLABORACIÓN (Non poderán superar o 10% do total da xustificación)									
Nº	NOME Nome e apelidos (persoas físicas) Nome da empresa	NIF	Concepto de gasto	Tipo de documen to	Nº Factur a	Impor te Factu ra	Data emisió n factura	Data e forma de pagamento	Importe imputa do
SUBTOTAL									
TOTAL									

En Ponte deume		de		de	
Fdo.: O/A presidente/a da entidade			Fdo.: O/A tesoureiro/a		

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE TODOS OS INGRESOS DE NATUREZA PÚBLICA OU PRIVADA OBTIDOS DAS SUBVENCIONS DOUTRAS ADMINISTRACIONS PÚBLICAS OU ENTIDADES PRIVADAS PARA O MESMO OBXECTO			
(De conformidade co previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas)			
D/		Con	

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Dona		CIF:	
Como presidente/a da entidade:		Con CIF:	
DECLARO QUE PARA ACTIVIDADE OBXECTO DESTA SUBVENCIÓN OBTIVEN OS SEGUINTE INGRESOS:			
1º.- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS PROCEDENTES DE CALQUERA ENTIDADE PÚBLICA OU PRIVADA PARA O MESMO OBXECTO.			
ENTIDADE	DESCRIPCIÓN DO TIPO DE SUBVENCIÓN OU AXUDA	C/S*	IMPORTE
* C/S indícase se foi concedida (C) ou solicitada(S)			
	NON foron solicitadas nin concedidas outras subvencións ou axudas para o mesmo obxecto.		
2º.- DECLARACIÓN DOUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO (INGRESOS) DO PROXECTO OBXECTO DE SUBVENCIÓN.			
ACHEGAS DO CLUB SOLICITANTE			IMPORTE
OUTROS RECURSOS EXTERNOS (venta de rifas, cotas, inscrición...)			IMPORTE

En		de		de	
Pontedeume					
Asdo.: O/A presidente/a da entidade			Asdo.: O/A tesoureiro/a		

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



ANEXO 9

ESTADO DE GASTOS E INGRESOS		
GASTOS		
CONCEPTO	IMPORTE	IMPORTE IMPUTADO
GASTOS DE PUBLICIDADE E DIFUSIÓN		
GASTOS DE TRANSPORTE E ALOXAMENTO		
GASTOS DE PERSOAL E ASISTENCIAS TÉCNICAS 60%		
GASTOS DE MATERIAIS CONSUMIBLES ESPECÍFICOS DAS ACTIVIDADES		
GASTOS RELACIONADOS COA COMPETICIÓN E A PRÁCTICA DEPORTIVA		
GASTOS DE XESTIÓN E GASTOS DE SUBMINISTRACIÓNS		
CORTESÍAS DE COLABORACIÓN		
TOTAL		
INGRESOS		
CONCEPTO	IMPORTE	IMPORTE IMPUTADO
SUBVENCIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME		
OUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS		
PATROCINADORES		
COTAS DE SOCIOS		
TOTAL		

En		de		de	
Pontedeume					
Fdo.: O/A presidente/a da entidade			Fdo.: O/A tesoureiro/a		



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO. - Publicar as Bases na Base de Datos Nacional de subvencions (BDNS), no Boletín Oficial da Provincia e na paxina web do Concello de Ponte deume

TERCEIRO. - Dar traslado a intervención municipal para que se realicen as anotacións contables que procedan

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde en funcións D. José Simoes Couceiro do que eu, D^a Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).